

VIAXE A LONDRES : do 24 ao 28 de setembro

MARTES 24 DE SETEMBRO

Chegamos ao instituto ás nove da mañá coas nosas maletas, deixámolas na biblioteca e asistimos ás dúas primeiras clases. Ás once un autobús trasladounos ao aeroporto da Coruña onde despois de facturar : comemos, recibimos a nosa primeira clase de historia e chamada en directo de Radio Arosa. Ás 14:15 embarcamos e ás 15:10 despegamos



Dúas horas máis tarde chegamos ao aeroporto de Heathrow. onde nos esperaba un autobús que nos trasladou ata o noso hotel, Royal National, situado na universitaria e tranquila zona de Bloomsbury.


Despois do reparto de habitacións, de pagar unha fianza de 20 libras cada un de nos e o obrigado relato de alumnos. 1,2,3...saímos coñecer a cidade:



1º destino: Leicester Square: chamáronnos a atención os letreiros luminosos dos teatros anunciando musicais, especialmente os do Palace Theatre no que se representaba “The Commitments”.



2º destino: Picadilly Circus : considerado centro de diversión para os londinenses e gran atracción para os turistas. Aquí, ademáis de sesión de fotos sentados na escaleira da fonte rematada coa escultura adicada a Eros, fixemos a nosa primeira inmersión lingüística: preguntamos prezos, pedimos bebidas...



3º destino: Hotel Royal National: emocionados e sorprendidos por todo o que viamos voltamos ao hotel pola peonil e fermosa praza de Leicester Square chea de restaurantes, cines e un pequeno parque no que sobresaía unha estatua adicada a Shakespeare.

MÉRCORES 25 DE SETEMBRO

Ás sete e media todos en pé, almorzo ás oito e as nove menos cuarto conto 1,2,3... e preparados para o noso paseo.

1º destino: *Mercado de Camden Town* : cos postos aínda a abrir , comezamos co noso inglés a comprar pendentes, camisetas, souvenirs...



2º destino: *Trafalgar Square* : chegamos a esta fermosa praza despois dunha longa camiñada e sorprendeunos a gran cantidade de estudantes ingleses que había nela. Recibimos unha nova lección de historia sobre o significado da batalla de Trafalgar e o monumento a Nelson e tras a sesión de fotos entramos nunha das pinacotecas máis impresionantes do mundo. a “National Gallery”. Emocionamos diante do matrimonio Arnolfini, de Van Eyck, a Venus do espello de Velázquez, e as obras de Van Gogh, Degas, Renoir...




3º destino: Big-Beng, Buckingham Palace... a través da gran avenida de Whitehall onde admiramos a grandiosidade dos seus edificios, o cambio de garda a cabalo na Horse Guards e a sede do primeiro ministro en Downing Street chegamos o Big-Beng.



Logo de admiralo e comer uns bocatas sentados no chan duns soportais dende onde o seguíamos admirando, dirixímonos, a través do parque de St. James's ata o Buckingham Palace onde de novo, sentados nas escaleiras do "Queen Victoria Memorial", recibimos a nosa habitual lección de historia.





A continuación encamiñámonos a Westminster Abbey e as Houses of Parliament que tivemos que conformarnos con admiralas por fóra.



Despois de cruzar o Westminster Bridge, dende o que seguimos admirando as Houses of Parliament, fomos, pasando por diante da London Eye, o Lyceum Theatrum para recoller as 18:30 as entradas, previamente reservadas, do musical "O rey león". Como a función non comezaba ata as 19:30 demos un paseo polo Covent Garden. Ao rematar o musical, cansos pero maravillados, voltamos ao hotel.



XOVES 26 DE SETEMBRO

1º destino: Natural History Museum- Royal Albert Hall_ Hyde Park : as 8:45 saímos do hotel e dirixímonos a estación de Russell. Conchi encargouse der comprar os billetes, explicarnos o funcionamento das liñas de metro, guiarnos ata o andén, dividírnos en dous grupos para subir aos vagóns e comprobar que ninguén quedaba atrás.



Baixamos na estación de Kensington South e dende alí, ao Natural History Museum do que nos impresionou o edificio, semella unha igrexa románica, a longa cola que tivemos que facer para entrar e, xa no interior, as diversas salas adicadas os dinosaurios, o corpo humano, os mamíferos...que Paquita se encargou de explicarnos.



Rematada a visita sobre as 11:30 fomos ata o Royal Albert Hall, un dos teatros máis emblemáticos do mundo, no que puidemos gozar dunha peza de música clásica a cargo dun grupo de vento na súa cafetería.



A nosa seguinte parada foi no Albert Memorial . Nova sesión de fotos, camiño de Hyde Park considerado o parque máis grande de Londres. Gustaríanos pasar máis tempo nel e chegar ata o lago Serpentine pero tivemos que conformarnos con ver a fachada do Kensington Palace onde naceu a raíña Victoria e residiu a princesa Diana.



2º destino: Harrods: en metro chegamos a área de Knightsbridge para visitar en Brompton Road os célebres almacens Harrods nos que ademáis de pasear por algunhas das suas seccións, sobre todo as de alimentación, compramos algúns souvenirs.

3º destino: Regent Street, Carnaby Street, Oxford Street: había que aproveitar o tempo así que de novo subimos ao metro ata a estación de Picadilly para iniciar o noso paseo polas rúas máis comerciais de Londres. En Regent Street visitamos a maior tenda de xoguetes do mundo a Hamley Toy Shop; en Carnaby Street os nosos alumnos puxéronse a cantar e bailar, diante dun Starbucks Coffee, a canción de “Macarena” ao mesmo tempo que algúns deles pedían unha axuda coa gorra; en Oxford Street visitamos diferentes tendas incluída Primak.





4º destino: *Hotel Royal National:* cansos de tanto andar as 21:00 decidimos voltar o hotel e repoñer forzas para o día seguinte.

VENRES 27 DE SETEMBRO

1º destino: *Tower of London:* As 9:00 estábamos todos sentados no autobús nº 188 e as 9:45 visitando a White Tower de Guillermo o Conquistador, a Tower Green onde foi decapitada Ana Bolena, o chamado “Pazo medieval” as xoias da coroa nos “Cuarteis de Waterloo”....





2º destino: A *City*: logo de admirar e facer fotos no Tower Brigde, pasear a beira do Tâmesis, deternos ante o London City Hall de Norman Foster, descansar nun antigo peirao completamente restaurado coñecido como “ Hays Gallery”, intentar visitar o Globe Theatre no que Shakespeare estrenou moitas das súas obras e cruzar de novo o Tâmesis chegamos a City, un dos máis importantes distritos financeiros do mundo.







Sorprendeunos a súa actividade e bulicio, as rúas estaban cheas de xentes que se movían con rapidez, e o contraste entre edificios antigos e rañaceos. Diante dun deles, a Suis Re Tower de Norman Foster comemos uns bocatas, ¡todo un luxo!, fixemos as fotos de rigor e descansamos.

3º Destino: *Tate Modern, St Paul's Cathedral*: tivemos que desandar o camiño e volver cruzar o Támesis para visitar un dos museos de arte moderna máis importantes do mundo a “Tate Modern” ubicada nunca antiga central de enerxía. Estivemos nela pouco tempo pois todavía nos quedaba a visita a “St. Paul’s Cathedral” a que chegamos a través da ponte peonil de Norman Foster “Milenium Bridge”. Admirámola por fora, non tínhamos tempo para máis pois aínda nos quedaba subir a “Nora”.



4º Destino: London Eye: a través de Strand, principal arteria de comunicación entre a City e Westminster, chegamos o London Eye, xigantesca nora de 135 m. de altura que ofrece unhas excelentes vistas de Londres. Ante ela, aqueles que non tiñan claro se ían subir ou non, non o dubidaron . Logramos subir todos nunha soa cabina e durante media hora entre risas, nervios e fotos pareceunos ver unha cidade diferente dende a que recoñeciamos o parque de St. James's, o Buckingham Palace, Downing Street...



5º Destino: *Picadilly e volta o Hotel:* a través de Whitehall chegamos a Picadilly para facer as nosas últimas compras e o rematar, moi cansos, regresamos ao hotel a través de Leicester Square, Charing Cross... As rúas estaban abarrotadas de xente xa que comezaba a fin de semana e había que disfrutala.

SÁBADO 28 DE SETEMBRO

1º Destino: *Mercado de Camden Town e British Museum:* despois de almorzar e deixar as maletas na consigna do hotel, previo pago de 17,50 libras por todas elas, fomos andando ata Camden Town para facer as derradeiras compras. As 11:00 puxémonos de novo en marcha pois facíanos falta o tempo para visitar o museo máis grande de Gran Bretaña, o “British” no que nos deleitamos contemplando algunhas das obras que estudiáramos durante o curso: a leona ferida, o estandarte real de Ur, a pedra Rosetta....



As 13:15, despois de contar 1, 2, 3... baixo a cúpula de aceiro e vidro de Norman Foster, voltamos ao hotel onde as 14:15 nos esperaba un autobús para trasladarnos ao aeroporto. Para seguir aprendendo cousas de Londres, Janet, a mesma guía que nos

acompañou o día que chegamos, íanos contando cousas de Londres tales como “nesta igrexa que vedes a vosa dereita casou Paul McCartney por 3º vez...”
Tras facturar, algunhas mochilas foron revisadas,tivemos tempo de descansar ata as 17:10 que embarcamos.



Despegamos as 17:55 e dúas horas máis tarde chegamos ao Aeroporto da Coruña onde de novo, nos esperaba un autobús para trasladarnos a Vilagarcía. Na explanada TIR esperábamnos as nosas familias.